CONCELLO DE SANTIAGO

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA E URXENTE DO 01 DE DECEMBRO DE 2022

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00054366W.
Ratificación da urxencia da convocatoria.
Ratificación da urxencia da convocatoria.

2. SECRETARÍA XERAL. Referencia: 2022/00054366W.
Dación de conta da sentenza nº 385/2022, ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 no PO 97/2022.
Dase conta da citada sentenza.

3. COMERCIO. Referencia: 2022/00046816L.
Aprobación da modificación das bases de concesión de axudas do programa de incentivación do consumo no comercio e hostalería do municipio de Santiago de Compostela Bonos Corazón Compostela 2022.
Acórdase:
Primeiro: Aprobar as seguintes modificacións das bases da convocatoria para a concesión de axudas, en réxime de concorrencia non competitiva, do programa de dinamización e incentivación do consumo no comercio e hostalería do municipio de Santiago de Compostela a través dos bonos Corazón Compostela 2022, que quedan redactadas como segue:
Apartado 2º da Base 4: Actividade subvencionable
4.2. As vendas e servizos subvencionados serán os realizados entre o día da publicación destas bases no BOP e o 31 de decembro de 2022.
Apartado 6º da Base 6: Valor dos bonos, contía da subvención e orde de imputación das compras ou consumos realizados
6.6. O período de validez dos bonos será desde o día da publicación destas bases no BOP ata o 31 de decembro de 2022, ambos inclusive, salvo esgotamento previo do seu saldo. Rematado o período de validez, o bono non trocado caducará. A caducidade do bono leva consigo a perda da totalidade do saldo remanente non consumido, sen poder instar a súa devolución.
Apartado 5º da Base 16. Condicións de uso dos bonos
16.5. O período de validez dos bonos remata o 31 de decembro de 2022. Chegada dita data, os bonos descargados e non trocados, na súa totalidade, caducan. A caducidade do bono leva consigo a perda da totalidade do saldo remanente non consumido, sen poder instar a súa devolución.
Apartado 1 da Base 17. Data de activación dos bonos
17.1. Os bonos estarán dispoñibles na web https://www.bonoscorazoncompostela.gal para a súa descarga polos usuarios a partir do día da publicación destas bases no BOP ás 9.30 h da mañá e terán una validez ata o 31 de decembro de 2022.
Segundo.- Estas modificacións entrarán en vigor o mesmo día da súa publicación no BOP de A Coruña.